



A Xunta pecha a posibilidade de rebaixar a xornada do seu persoal a 35 horas confirmando que non vai haber recuperación do horario lectivo docente

Na reunión do luns 16 de outubro da Mesa Xeral da Administración pública galega quedou de manifesto que a Xunta non ten ningunha intención de acometer esta rebaixa, como si vén de facer o SERGAS coa intermediación directa do conselleiro de Sanidade e o compromiso de incrementar 1393 postos de traballo, polo que o parágrafo introducido no Acordo de que se negociará “en diferido” a recuperación do horario lectivo de 21 e 19 horas queda totalmente en evidencia. Para a CIG-Ensino este feito é unha constatación de que tanto a Consellaría de Educación como os sindicatos asinantes mentiron a sabendas de que este compromiso era ficticio e esixen a dimisión do conselleiro de Educación por vender o profesorado por mera estratexia electoral de Rueda.

Na última reunión da negociación acelerada que **converteu as liñas sindicais vermellas dos sindicatos nunha alfombra vermella para Rueda pisar os nosos dereitos**, os sindicatos que tiñan xa decidido asinar precisaban algo ao que se agarrar diante da traizón ao profesorado na cuestión central da recuperación do horario lectivo das 18 e 21 horas en secundaria e infantil e primaria respectivamente.

Foi entón cando propuxeron á representación da Consellaría que se recollese no texto unha referencia a que se podería negociar no futuro cando se abordase a redución do horario de todo o persoal da Xunta de Galiza. Fixeron valer a súa argumentación nun acordo marco asinado por CCOO e UGT co Ministerio de Facenda que, sen ter carácter obrigatorio, propón esa redución ás diferentes administracións.

A redacción final que gustosamente incorporou a Consellaría foi esta:

“...difírese a negociación dunha nova regulación do horario lectivo da xornada de traballo do persoal funcionario e persoal laboral docentes ao momento no que se aborde unha xornada de traballo de 35 horas semanais para todo o persoal da Xunta de Galicia”.

Traducido: pactan nunha negociación que non negocian e que xa o farán máis adiante cando haxa outra negociación que non ten nada a ver co profesorado.

A mentira ten as pernas curtas: desmontamos a farsa

O 20 de abril de 2023 chegouse a un **acordo sindical na Mesa Sectorial do SERGAS para a mellora de condicións laborais e retributivas do persoal do Servizo Galego de Saúde. A CIG, tamén sindicato maioritario na sanidade pública, fixou como condición para asinar aquel acordo que se cumprira o obxectivo de reducir o horario laboral de todas as categorías profesionais a 35 horas.** A negociación estaba bloqueada.

O conselleiro de Sanidade acabou intervindo persoalmente no final da negociación e cedeu ante a exixencia sindical.

Acordouse unha redución do horario anual de 112 horas a aplicar desde 2023 a 2025. **Esta medida implica de feito unha xornada laboral de 35 horas.** O impacto na redución de horario facía preciso que se contratase máis persoal. **No propio texto do DOG no que se recolle o acordo cífrase ese incremento en 1.393 novos postos de traballo.**

Este acordo do SERGAS unha vez que se incorporou a redución horaria, foi asinado pola CIG. Tamén polos demais sindicatos; entre eles, por UGT e CCOO, que asinaron a renuncia a que o profesorado recupere o seu horario lectivo de 18 e 21 horas no presente acordo para o persoal docente.

Na reunión da Mesa Xeral da administración pública galega deste luns 16 de outubro a CIG incidiu na necesidade de reducir o horario do persoal da administración xeral a 35 horas desde as 37,5 actuais. A intervención do director xeral de Función Pública en resposta a esta solicitude da CIG foi a seguinte: **“Difícilmente se pode afirmar que na administración autonómica haxa quen traballa por riba das 35 horas. Aínda que legalmente o tope de horas está nas 37,5 horas, na práctica isto non é así. No horario anual hai que ter en conta a xornada reducida dos meses de verán. Por outro lado, os acordos no SERGAS, en Política Social ou en Educación xa supoñen a redución demandada”**.

Polo tanto Función Pública desbota expresamente que vaia estar enriba da mesa facer máis cambios no horario tanto do persoal da xunta como do persoal docente. Estas afirmacións deixan perfectamente clara a farsa que montaron a Consellaría de Educación e os sindicatos asinantes dun acordo que renuncia a recuperar o horario lectivo de 18 e 21 horas, chegando á hipocrísia de afirmar que se abriría **“inminentemente” unha nova negociación para reducir o horario nos corpos de secundaria**.

A XUNTA PECHA A NEGOCIACIÓN DAS 35 H. E A REDUCIÓN HORARIA DOCENTE

• Como acontece en todo o relacionado coa nosa xornada de traballo cada Mesa Sectorial é competente para tomar cantos acordos queira sobre a redución do horario do seu persoal. No SERGAS ou no Ensino público. No noso caso a resposta final da Consellaría, a preguntas da CIG-Ensino, foi clara: non estaban dispostos a reducir máis alá das 23 h. en Primaria nin a reducir tan sequera a 19 h. en Secundaria e outras ensinanzas.

• O colectivo que nestes momentos está aínda sen reducir o seu horario a 35 horas é o da administración xeral da Xunta, que a CIG leva anos reclamando. Tan só nos centros de Política Social se deron pasos neste sentido. A cuestión das 35 h. non é relevante no ensino, xa que non podemos admitir que a nosa xornada de traballo se reduza nas horas de non presenza no centro nin nas que temos permanencia no centro sen docencia. A cuestión medular para mellorar as condicións laborais do profesorado está na redución de horario lectivo, recuperando o que tiñamos hai 14 anos en Infantil e Primaria e hai 12 en Secundaria.

• Como a CIG-Ensino vén denunciando, a afectación económica da redución de horario de mestras e mestres ía ser mínima (non xa con 23 horas senón tamén con 21 horas porque os catálogos de postos de traballo están confeccionados para impartir 21 horas de clase). Onde estaba entón o “problema” para a Consellaría? Nas demais etapas educativas: reducir a 18 horas (aínda que fose en dous anos como estaba disposta a aceptar a CIG-Ensino) implicaría incrementar persoal. No SERGAS fíxose. Por que non en Educación?

• Incorporar ese parágrafo só se pode entender como unha coartada para procurar defender o indefendíbel: que unha negociación se peche en falso sen conseguir o que se cualificou de liñas vermellas e que se “difire” (como Cospedal e o PP marcaron como tendencia) a unha nova negociación que oh, sorpresa!, non ten nada que ver co Ensino e que no SERGAS xa pecharon antes..

• A vergoña ou algún resto de coherencia debería levar os asinantes do acordo a dar marcha atrás, retirando a súa sinatura del e uníndose a quen non renunciamos a defender os dereitos do profesorado na convocatoria de folga do día 24 de outubro, especialmente despois do acontecido na Mesa Xeral.

• Temos un conselleiro que tivo como único interese brindarlle a Rueda un acordo low cost, algo doado de entender se se coñece o desinterese de Rodríguez polas condicións laborais do profesorado e do ensino en xeral que leva demostrando durante as dúas etapas á fronte da Consellaría. Chegar a falar de “acordo histórico” é o último exemplo dunha persoa allea por completo á realidade do profesorado e dos centros. Se non quere ou non sabe, a dimisión é a única opción.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal